

**Proposta** da Coordinadora de Traballadores/as de  
Normalización da Lingua (CTNL) para a  
**mellora** do sistema de **formación**  
en **lingua galega** de **persoas adultas** da  
Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

CONTIDOS DA PROPOSTA

|   |    |
|---|----|
| INTRODUCCIÓN E EXPOSICIÓN DE MOTIVOS _____  | 2  |
| PRINCIPAIS EIVAS DA FORMACIÓN EN LINGUA DE PERSOAS ADULTAS _____                                  | 4  |
| PROPOSTAS DE MELLORA DO SISTEMA DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA DE PERSOAS<br>ADULTAS DA SXPL _____ | 10 |



Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

[www.ctnl.org](http://www.ctnl.org)

Outubro de 2009

## INTRODUCCIÓN E EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

---

Despois de que a Xunta pasase a ser membro de ALTE (Association of Language Testers in Europe) en novembro de 2005, desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) comezouse a levar adiante un necesario proceso de reformulación do modelo de aprendizaxe e de avaliación da competencia en lingua galega. O sistema vixente até ese momento de principalmente dous niveis, iniciación e perfeccionamento, obtidos mediante a realización dun curso de 75 horas cada un ou mediante validación por estudos, tiña que deixar paso a unha nova ordenación. Deste xeito implantáronse unhas novas certificacións, Celga, en cinco niveis, que se corresponden cos niveis de competencia lingüística de ALTE e que se axustan ás competencias descritas no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa.

Na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os Celga estableceuse que para a obtención destes certificados habería que superar unhas probas que convocaría a SXPL, mais tamén que por estudos se poderían obter validacións deses cinco novos niveis e que os antigos títulos de iniciación e perfeccionamento terían unhas equivalencias con eles.

Principalmente, e na práctica, iniciación ou ESO equivalen a Celga 3 e perfeccionamento ou Bacharelato a Celga 4. En definitiva, con estas equivalencias o que na práctica se fixo, como denunciaron en reiteradas ocasións diversos colectivos, entre eles a CTNL, foi consagrar o antigo modelo de cursos de iniciación e de perfeccionamento e dar por feito que no sistema educativo regrado non houbo, non hai e non vai haber ningún tipo de problemas con respecto á adquisición da competencia en lingua galega, o que, como demostran diferentes informes e estudos, é completamente falso. Todos os galegos e todas as galegas que nalgún momento fixeron un deses cursos de 75 horas de perfeccionamento ou que fixeron o BUP teñen xa, dun xeito ou doutro, o certificado que acredita a máxima competencia en lingua esixida para calquera posto de traballo na Administración pública.

A que podería ser unha moi boa oportunidade para a normalización da lingua, cunhas validacións xustas que motivasen principalmente aos traballadores e ás traballadoras da Administración a seguir formándose en lingua, para así obter un nivel oficial superior que agora xa ten practicamente todo o mundo por defecto, foi lamentabelmente desaproveitada.

Ademais, cómpre ter en conta que neste mesmo 2009, o goberno galego decidiu modificar o artigo 35 da Lei da función pública, polo que as persoas aspirantes a traballar na administración xa non teñen que demostrar no proceso selectivo a súa competencia práctica para desenvolver o seu traballo na lingua propia deste país, pois xa non teñen que facer unha das probas en galego, e, analizado o sistema de validacións, poucas garantías hai de que todas as persoas que acceden á función pública teñan uns coñecementos axeitados mínimos de galego.

Mais, por un lado están os certificados acreditativos de coñecemento lingüístico, e por outro todo o sistema de formación en lingua do que, xunto co sistema educativo, con esa reforma da Lei de función pública se fai depender totalmente a competencia en galego do persoal ao servizo da administración.

A SXPL fixo un importante esforzo orzamentario no ámbito da formación en lingua para adultos, como podemos comprobar no gran salto orzamentario que houbo para este concepto a partir do ano 2007, cando case se duplicou a cantidade asignada que pasou de 1.600.000 € a 2.900.000 €. Aínda que no proxecto de orzamentos para 2010 a contía se reduce considerabelmente, esta segue a ser moi importante, xa que acada os 1.975.000 €.

Se ben é certo que ademais dese esforzo orzamentario se deron algúns pasos sobre contidos e métodos docentes, tamén é certo que pouco ou nada se avanzou nos aspectos organizativos máis importantes, como a planificación e convocatoria dos propios cursos ou a selección e as condicións do profesorado.

Desde a CTNL consideramos, e así o puxemos de manifesto en diversas ocasións, que a xestión da formación en lingua galega de persoas adultas organizada pola SXPL ten graves eivas que se van repetindo ano tras ano e que salientamos a continuación.

## PRINCIPAIS EIVAS DA FORMACIÓN EN LINGUA DE PERSOAS ADULTAS

---

### ➤ **Falta de universalidade e de planificación territorial**

Os cursos de galego, todos eles gratuítos, séguense desenvolvendo baixo demanda de colectivos e entidades (excepto nas cidades), sen unha planificación territorial previa que cubra todo o país. Isto provoca que haxa comarcas enteiras nas que non haxa ningún curso en todo o ano mentres que hai vilas nas que se desenvolven varios cursos do mesmo nivel e incluso ao mesmo tempo.

### ➤ **Ausencia de coordinación previa cos servizos de normalización lingüística**

A gran maioría dos SNL dos concellos encárganse, na práctica, da xestión dos cursos (solicitud, publicidade, preinscrición, inscrición, reserva de locais, información ás persoas interesadas...), pero o coñecemento da realidade que lles proporciona a súa proximidade coa cidadanía, o seu traballo e a súa opinión non se teñen en conta á hora de realizar a planificación das accións formativas.

### ➤ **Desfasamento temporal entre o momento da solicitude dos cursos e as datas de impartición**

O prazo de solicitude dos cursos para colectivos para todo o ano até agora adoitaba rematar a finais de febreiro e era condición imprescindible para solicitalos presentar a listaxe con, cando menos, 25 persoas preinscricións para cada nivel. Isto implica que as persoas interesadas en realizar algún curso teñen que inscribirse en febreiro tanto para realizar os cursos en abril ou maio

como para realizalos en outubro. Xa que logo, non ten sentido que unha persoa que queira realizar un curso no mes de outubro, teña que inscribirse nel en febreiro, oito meses antes de comezar. Isto, inevitabelmente, provoca a utilización de listaxes ficticias para a solicitude de cursos por parte de colectivos e entidades.

➤ **Descoordinación entre as datas de inscrición nas probas e as datas de comezo dos cursos**

Nalgunhas ocasións, as persoas interesadas en realizaren as probas para obteren a correspondente certificación teñen que inscribirse e pagar as correspondentes taxas antes xa de comezaren os cursos organizados por colectivos ou mesmo antes de saberen se van ter praza ou non no curso, ou incluso antes de saberen se o curso no que realizaron a preinscrición se vai impartir ou non (na teoría se o alumnado baixa das 20 persoas, o curso suspéndese).

➤ **Falta de garantías na realización dos cursos**

Cando unha entidade, principalmente os SNL, deciden organizar algún curso, para poder solicitalo teñen que presentar xa a listaxe de persoas (pre)inscritas. Para iso, teñen que abrir un prazo de (pre)inscrición no que as persoas se teñen que (pre)inscribiren sen ter ningunha seguridade de que o curso se vaia realizar. Polo tanto, as persoas interesadas en facer o curso de lingua non se inscriben en realidade no curso, inscríbense nunha posibilidade. Os hipotéticos cursos poden finalmente non desenvolverse por diversos motivos: denegación da solicitude ao colectivo ou entidade (principalmente SNL) por parte da SXPL; non haber finalmente o alumnado mínimo requirido; baixas entre as persoas preinscritas, etc. Xa que logo, non ten sentido que os SNL teñan que previamente programar un curso e inscribir xente para que logo a SXPL lle diga se realmente vai haber ese curso ou non.

➤ **Competencia lingüística desigual do alumnado**

Ao non se realizar ningunha proba de nivel previa á inscrición nos cursos, e ao non haber tampouco ningún requisito para o acceso a un determinado nivel máis que ter cumpridos os 16 anos, o profesorado encóntrase con que o nivel do alumnado de cada aula é moi dispar, coa conseguinte dificultade que isto implica para o eficiente desenvolvemento da docencia, máis se temos en conta o elevado número de persoas que poden participar en cada curso (até 30, en teoría). Polo tanto, é imposíbel poder desenvolver unha docencia lingüística eficaz e de calidade con grupos tan numerosos e cunha competencia lingüística tan desigual.

➤ **Exceso de número de alumnos/as por aula**

Para poder desenvolver un ensino lingüístico cun mínimo de calidade non pode haber, como até agora, aulas de até 30 alumnos/as (formalmente, pois na realidade consta que incluso hai aulas de até 38 persoas). A formación en lingua require grupos moito máis reducidos.

➤ **Inexistencia dun certificado de asistencia aos cursos**

Na actualidade ás persoas participantes nos cursos non se lles dá ningún tipo de certificado de asistencia no que se recoñeza a participación nunha acción formativa de 75 horas. Isto provoca que, ao non haber ese recoñecemento de asistencia, haxa moitas persoas que abandonen os cursos unha vez comezados ou que teñen unha asistencia moi irregular. Entón, para evitar ese abandono ou irregularidade, sería positivo que houbo un certificado de asistencia que unicamente recoñecese a participación nun curso de 75 horas e que se lles dese ás persoas que asistisen, cando menos, ao 85% das horas,

mais que especificase claramente que ese certificado de asistencia nada ten que ver coa certificación acreditativa do nivel de coñecemento de galego.

### ➤ **Escasa formación específica para o profesorado colaborador**

En principio, o profesorado colaborador debe acreditar formación lingüística – aínda que isto non é exactamente así–, mais en ningún caso formación e/ou capacidade didáctica. Polo tanto, esa formación didáctica da lingua débesele facilitar desde a SXPL. Na actualidade só se desenvolven algúns cursos cunha parte de didáctica da lingua (un para profesorado de cursos Celga, outro para avaliadores/as e outro para linguaxes específicas), mais estes son escasos e, segundo criticaron numerosos/as profesores/as colaboradores/as que a eles asistiron, teñen tamén numerosas eivas, entre as que citamos: formulación xeral (enfoque do ensino do galego como lingua estranxeira, cando a inmensa maioría do alumnado dos cursos Celga é do país [moitas desas persoas incluso galegofalantes], polo que a meirande parte das estratexias que se deben usar para o desenvolvemento didáctico son diferentes; ou falta de adecuación ás necesidades específicas do profesorado colaborador); organización (sistema de admisión caótico, escasa calidade de materiais, etc.); e desenvolvemento do curso (desaxuste nos contidos presentados e nas estratexias didácticas en relación coas necesidades para o caso do galego).

Xa que logo, a escasa formación en didáctica da lingua no noso contexto específico para o profesorado colaborador provoca que a calidade dos curso de galego para persoas adultas non sexa a desexada.

### ➤ **Precarias condicións laborais do profesorado**

A formación non regrada en lingua, a pesar do elevado orzamento que se destina a este capítulo, non conta cunha mínima estrutura técnica e docente estábel e profesionalizada. Os cursos seguen a ser impartidos mediante un precario e precarizante sistema de profesorado colaborador demandante de emprego e sen contrato; un sistema no que nin tan sequera rexen os criterios

de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. Mentres non haxa un corpo de docentes contratado estábel e mentres as condicións laborais do profesorado sexan precarias, poucas garantías de calidade docente se poden ofrecer.

### ➤ **Requisitos dubidosos e pouco claros de selección de profesorado colaborador**

Segundo a Resolución do 29 de decembro de 2006, pola que se convocan as listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola SXPL (DOG do 17/1/07), os requisitos para impartir cursos son estar en posesión do título de licenciado/a en Filoloxía Galega ou equivalente, ter feitos e validados positivamente os cursos de formación para profesorado colaborador da SXPL e ser demandante de emprego. Mais segundo a Resolución do 8 de marzo pola que se modifica esa resolución do 29 de decembro (DOG do 20/3/07), tamén poderán impartir os cursos as persoas que, aínda que non cumpran os dous primeiros requisitos anteriores, xa impartisen cursos de galego como profesorado colaborador da SXPL. Isto é, poden impartir cursos todas as persoas que cumpran os criterios de cando non había criterios. Mentres os requisitos da Resolución do 29 de decembro de 2006 parecen lóxicos como medida transitoria mentres non se avance cara a unha profesionalización da docencia, a Resolución do 8 de marzo de 2007 fai que todo siga igual e que, polo tanto, non haxa que cumprir ningún requisito académico de formación en lingua. Polo tanto, non se garante a acreditación académica do dominio necesario da lingua galega, o que, claro está, pode influír moi negativamente na calidade dos cursos. Entón, con todo isto, a realidade é que hai profesorado colaborador que, non só é que non sexa licenciado en Filoloxía Galega, senón incluso que non se lle require ningunha formación específica en lingua galega.

Ademais, partindo do suposto de que o requisito 3 do artigo 3.º da convocatoria (ser demandante de emprego) está pensado para favorecer ás persoas desempregadas, consideramos que debería ser esixíbel, á parte deste requisito previo para inscribirse na listaxe de “ser demandante de emprego”, unha



acreditación de estar desempleado/a no momento de impartir un curso, xa que ser demandante de emprego no momento de solicitar a inscrición na listaxe non implica estar en situación de desemprego nin nese momento nin no de impartir o curso. Isto sempre tendo en conta que consideramos que esta convocatoria debe supor unha situación transitoria de cara a un corpo de docentes profesionalizado e estábel. Con isto, a realidade é que hai profesorado colaborador da SXPL que imparte cursos de galego para adultos que é, por exemplo, persoal funcionario da Consellería de Educación (profesorado de secundaria), ou persoal doutras entidades que, polo tanto, non está en situación de desemprego ou profesorado que non ten unha formación docente e lingüística que se poida acreditar.

## PROPOSTAS DE MELLORA DO SISTEMA DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA DE PERSOAS ADULTAS DA SXPL

---

Ante todas estas graves eivas, a CTNL proponlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística que reformule os principais aspectos organizativos do sistema de formación en lingua. Para isto, achéganse os seguintes criterios básicos que se deben ter en conta nesa reformulación:

➤ **Planificación anual centralizada da oferta formativa, de forma que se cubra todo o territorio**

Sería imprescindible a planificación anual da oferta formativa en coordinación cos servizos de normalización lingüística, por seren estes organismos os que, por un lado mellor coñecen a realidade e as necesidades formativas dos municipios e comarcas, e por outro, os que na práctica xestionan a realización dos cursos de lingua galega por todo o país. Esta planificación permitiría saber, a primeiros de ano, que cursos habería en cada localidade e/ou comarca, e as súas datas e horarios, o que permitiría, ao mesmo tempo, poder desenvolver unha maior e mellor difusión da formación en lingua galega dirixida ao conxunto da cidadanía. O ideal sería que a formación en lingua para persoas adultas estivese planificada e xestionada pola anunciada futura Rede de dinamización lingüística local que abarcase todo o territorio galego.

➤ **Fixación lóxica das datas de inscrición nos cursos e nas probas**

O prazo de inscrición nas probas debe abrirse sempre con posterioridade á realización dos cursos, e non antes de que estes comecen, como xa aconteceu en varias ocasións, o que supón que, por falta de información directa, moita xente que comezou un curso non tivo opción, por estar fóra de prazo, de realizar o exame.

➤ **Nivelación previa do alumnado**

Para se poder matricular nun determinado nivel debería ser requisito imprescindible que o alumno ou alumna acredítase o nivel anterior ou tivese que superar unha proba de nivel para acceder. Só deste xeito se poderían crear grupos máis ou menos homoxéneos en canto a coñecementos de lingua previos no nivel axeitado, o que permitiría un mellor desenvolvemento do curso e unha maior calidade formativa e adecuación ao nivel.

➤ **Fixación de grupos formativos reducidos**

Para poder desenvolver unha formación lingüística eficaz e de calidade, os grupos non deben superar os/as 20 alumnos/as.

➤ **Certificado de asistencia aos cursos**

Para evitar a asistencia irregular ou o abandono dos cursos, sería positivo que houbo un certificado de asistencia que unicamente recoñecese a participación nun curso de 75 horas e que se lles dese ás persoas que asistisen, cando menos, ao 85% das horas. Este certificado de asistencia debería especificar claramente que só recoñece o número de horas de asistencia a un curso, mais que nada ten que ver coa certificación oficial acreditativa do nivel de coñecemento de galego (Celga).

➤ **Formación específica completa e de calidade para profesorado colaborador**

Ademais da formación lingüística que o profesorado dos cursos de galego debe ter, é fundamental a súa formación en docencia da lingua. Polo tanto, é necesario un programa de formación estábel en didáctica da lingua para o profesorado, tendo en conta a situación sociolingüística do noso país, o perfil do alumnado dos cursos de galego para persoas adultas e que esta formación en lingua de persoas adultas debería servir non só para traballar competencias, senón tamén usos e actitudes.

### ➤ **Creación dun corpo docente estábel**

A creación dun corpo de docentes estábel e profesionalizado de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, suporía:

- a. **Mellor aproveitamento dos recursos públicos** destinados para este fin, pois cos mesmos recursos económicos por parte da administración melloraríanse notabelmente tanto as condicións laborais do profesorado como a calidade da oferta formativa. Por exemplo, na convocatoria de cursos preparatorios para as probas Celga de 2009 (*DOG* do 2 de decembro de 2008) sinálase que só para eses cursos a SXPL dedica 812.500 €, para un total de 250 cursos. Só con esa cantidade (e, polo tanto, sen contar os custos de avaliacións, preparacións de materiais, cursos de linguaxes específicas, etc., [para o que hai orzamentado en 2010 un total de 1.975.000 €]) a SXPL podería crear un corpo estábel de, como mínimo, 20 profesores e profesoras.
- b. **Transparencia** na fase de incorporación ao grupo de profesorado mediante un proceso de selección no que se avalíen axeitadamente as competencias e capacidades para a docencia lingüística das persoas aspirantes, e no que se garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade das persoas que se van incorporar, xa que ata o de agora o método empregado non é nin moi rigoroso nin garante as competencias e capacidades do profesorado, posto que nin tan sequera hai uns criterios claros que se cumbran.

- c. **Mellora da calidade do ensino**, posto que o cadro do profesorado tería que demostrar as súas competencias e capacidades, tería dedicación exclusiva para a tarefa docente e estaría máis e mellor preparado para practicar a docencia, adaptando os contidos de cada nivel a cada realidade e mellorando constantemente a metodoloxía e os niveis de competencia.

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)  
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Outubro de 2009